



ORDE do de 2023 pola que se da continuidade ao programa de innovación educativa Polos creativos e se establecen instrucións para o seu desenvolvemento nos centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para os cursos 2023/24 e 2024/25.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa como un obxectivo básico do sistema educativo. Sinala tamén que entre os seus fins está o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, a confianza nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor. Finalmente, cabe destacar que, segundo a devandita lei o sistema educativo ten como principio básico propiciar a educación permanente e a aprendizaxe ao longo da vida, preparando ao alumnado para aprender por si mesmo. Isto é posible no marco dun currículo competencial baseado na Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Entre as ditas competencias claves, e particularmente desde a óptica dun mundo dixitalizado e interconectado, intégranse capacidades como o pensamento computacional, o pensamento crítico, a resolución de problemas, a creatividade e o pensamento de deseño, entre outras, desde unha óptica de traballo colaborativo mediante a aprendizaxe formal e non formal en todos os contextos.

En liña co Plan de Acción da UE en materia de Educación Dixital, establécese a Estratexia de Educación Dixital 2030 en Galicia, cuxo eixe 2 está centrado no perfeccionamento de competencias e capacidades dixitais para a transformación dixital. No marco desta Estratexia créase, pola ORDE do 21 de abril de 2022, o programa de innovación educativa Polos creativos co obxectivo final de desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa (segundo determina o MCDD), o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

O éxito deste programa fai aconsellable a súa extensión a todo o sistema educativo, tendo en conta que o correcto desenvolvemento das competencias dixitais, en concreto do pensamento computacional e a programación, precisa de dotación específica, que deberá ser asignada aos



centros educativos dependentes a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e aos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan segundo ciclo de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria. Este material deberá permitir o traballo e desenvolvemento de situacións de aprendizaxe vinculadas ao pensamento computacional, a programación e a robótica, así como as súas competencias relacionadas, tendo en conta as particularidades do alumnado das diferentes etapas e as súas necesidades formativas e de desenvolvemento persoal e social.

O programa Código Escuela 4.0 enmárcase dentro do Plan de Digitalización y de Competencias Digitales del Sistema Educativo (Plan #DigEDu), e nace co obxectivo de mellorar as competencias dixitais no ámbito educativo, tanto no referido ás competencias do alumnado, coma no relativo aos medios tecnolóxicos dispoñibles e a súa integración efectiva e eficaz nos procesos de ensino e aprendizaxe. As actuacións e finalidades do programa Código Escuela 4.0 están aliñadas coas iniciativas presentadas pola Comisión Europea: o Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027) e o Espazo Europeo de Educación. O obxectivo xeral do programa Código Escuela 4.0 é pór en marcha os mecanismos e procesos necesarios para xeneralizar e facilitar ao profesorado e ao alumnado, dos centros educativos financiados con fondos públicos, o desenvolvemento das competencias dixitais relacionadas co pensamento computacional e a programación, mediante dotación de fondos ás comunidades autónomas para a realización de accións de asignación de recursos materiais e de mentoría e acompañamento.

En consecuencia, e no uso das atribucións que teño atribuídas, -

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten por obxecto dar continuidade ao Programa de Innovación educativa Polos creativos e ditar as instrucións para o seu desenvolvemento nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e nos centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para os cursos 2023/24 e 2024/25, no marco da Estratexia de Educación Dixital 2030.

Artigo 2. Definición e características

Os Polos creativos desenvolveranse mediante a dotación dun equipamento especializado, cun deseño modular e innovador, e organizados didacticamente para o fomento da creatividade e a formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial. Están baseados no desenvolvemento do pensamento computacional e as súas competencias asociadas mediante a aprendizaxe activa e manipulativa, a aprendizaxe baseada no deseño, a solución de problemas e a aprendizaxe entre iguais.

Funcionarán como núcleos dinamizadores no marco da Estratexia Educación Dixital 2030, de maneira que poderán albergar actividades de tipo obradoiro tanto para o profesorado como para o alumnado e, de ser o caso, as familias, desde unha óptica de aprendizaxe conxunta e comunitaria. Así mesmo, poderán desenvolver proxectos mediante a experimentación, o prototipado e a construción. Tamén poden albergar prácticas de investigación e proxectos baseados na abordaxe de problemas reais que inclúan a innovación e fabricación a pequena escala.

Funcionarán como centro de actividades en que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, realidade virtual e impresión 3D, tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, mecanizado de diferentes materiais, electromecánica, robótica e microcontroladores, entre outras.

Serán, por tanto, espazos abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que ofertarán actividades formativas para os diversos colectivos. En concreto, facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

Os Polos creativos serán un elemento clave para a transformación dixital dos centros educativos en organizacións dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, e como tal representarán unha das infraestruturas esenciais previstas no Plan dixital de centro para acadar este obxectivo.

Cada centro educativo, dentro da súa autonomía, pode configurar as diferentes accións vinculadas ao Polo creativo que, en todo caso, partirán dunha reflexión sobre o contexto, as fortalezas e as posibilidades de mellora do centro, sempre coa perspectiva de contribuír ao

desenvolvemento comunitario. Para acadar os seus obxectivos contarán co apoio e o asesoramento especializado da Rede de Formación Permanente do Profesorado.

Artigo 3. Xestión dos Polos Creativos

Os Polos creativos serán xestionados por un equipo dinamizador que contará cunha persoa coordinadora que desenvolverá a súa función en estreita colaboración co equipo directivo. Para cada curso escolar a dirección do centro establecerá a dedicación necesaria para a atención ao Polo creativo por parte do coordinador e do equipo de dinamización.

O centro promoverá, en todos os ámbitos e departamentos do centro, o uso destes recursos para desenvolver proxectos colaborativos e creativos.

Artigo 4. Destinatarios

Recibirán un Polo creativo todos os centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan algunha das seguintes ensinanzas:

- segundo ciclo de educación infantil
- educación primaria
- educación secundaria obrigatoria

Os centros que recibiron un Polo creativo ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería, consideraranse Polos creativos+ e estarán integrados, a todos os efectos na rede de Polos creativos.

Artigo 5. Dotación

Cada centro recibirá o equipamento que corresponda ás ensinanzas que imparte e que será publicado no Portal Educativo. O número de unidades a recibir estará en función do número de alumnado de cada etapa educativa.

Os Polos creativos+ recibirán todo aquel material que fora designado nesta dotación, de non contar con el con anterioridade.

Os centros que contaran con programa Robótica de Primaria integrarán este equipamento previo nos Polos creativos. Calquera outro material que comparta os obxectivos do programa e co que o centro contara con anterioridade poderá ser incorporado aos Polos creativos.

Artigo 6. Apoio aos Polos creativos

A Rede de Formación Permanente do Profesorado contará con asesorías especializadas que acompañarán o proceso formativo da comunidade educativa así como a posta en funcionamento e uso das dotacións correspondentes. Contarán, así mesmo, con Polos demostradores e con recursos de apoio e complementarios ao Polos creativos dos centros docentes. De igual xeito, realizarán accións formativas específicas así como de posta en valor do traballo dos Polos creativos e difusión de boas prácticas.

Cada centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que conte con Polo creativo contará cunha liña específica no seu Plan de Formación Permanente do Profesorado en centros (PFPP). As persoas coordinadoras recibirán formación específica.

Os centros privados sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia artellarán a súa formación en Polos creativos mediante Grupos de Traballo e Seminarios, de acordo co previsto no Plan Anual de Formación do Profesorado.

Artigo 7. Avaliación

Con data límite do 15 de xullo de cada ano, a dirección do centro educativo coa colaboración da persoa coordinadora deberá cargar na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/> os datos do equipo dinamizador (nome, apelidos e DNI), identificando na listaxe a persoa coordinadora aos efectos da certificación prevista no apartado oitavo. Así mesmo, de xeito opcional, poderá realizar as observacións e propostas de mellora que estime oportunas, de ser o caso.

Artigo 8. Certificación

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades certificará cada curso escolar, segundo a normativa vixente, como actividade de innovación educativa o profesorado que forma parte do equipo de dinamización que acompañou a persoa coordinadora na posta en marcha do Polo creativo e o profesorado que coordinou actividades que se desenvolveron no Polo creativo, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado. No caso da persoa coordinadora do Polo creativo a equivalencia será de 50 horas de formación do profesorado.

Artigo 9. Difusión e boas prácticas

Os centros colaborarán nas accións de difusión que se organicen. Os centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ceden os dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiranse baixo a licenza Creative Commons que sexa BY-NC-SA que combine as propiedades «recoñecemento»-«non comercial»-«compartir igual».

Artigo 10. Inspección educativa

Correspóndelle á Inspección Educativa supervisar o proceso de desenvolvemento do Polo creativo, así como propoñer medidas de mellora, realizando as actuacións que correspondan conforme o procedemento establecido.

Artigo 11. Datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos ou á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira primeira. Eficacia

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González